

O PROGRAMA DE GOBERNO DOS SOCIALISTAS DE RIBADEO INCLÚE A CREACIÓN DUN PADROADO MUNICIPAL DE FESTAS E DUN PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Roberto Ramos adianta que tamén crearán unha zona polideportiva de actividade non regrada para cubrir as necesidades do sector xuvenil. “Queremos máis espazos deportivos para dar impulso a maior variedade de disciplinas”, afirma

Subraia que “seremos un concello cardioprotexido, con desfibriladores nas dependencias municipais e nos centros deportivos; formarase ao persoal municipal e aos monitores deportivos en materia de primeiros auxilios”

Ribadeo, 19 de maio de 2015. O programa de goberno dos socialistas de Ribadeo inclúe a creación dun padroado municipal de festas e dun plan director de instalacións deportivas. O alcaldable do PSdeG-PSOE -Roberto Ramos Piñeiro- explicou que “elaboraremos un plan director de instalacións deportivas, que sirva de folla de ruta para os seguintes aspectos: a distribución equilibrada dos investimentos en equipamentos deportivos, o aproveitamento axeitado do medio natural, a construción de novas instalacións públicas e a modernización en mellora das actuais, así como o establecemento de convenios ou acordos sobre equipamentos deportivos privados”.

E é que, subliña, á hora de acometer investimentos debe primar a rendibilidade deportiva e social das mesmas. “Investir obtendo máis metros cadrados para a práctica deportiva e que cubra as necesidades de máis disciplinas. Este criterio non é o que se seguiu ata este momento” indica.

Neste senso, o candidato socialista engade que tamén crearán unha zona polideportiva de actividade non regrada para cubrir as necesidades do sector xuvenil. “Queremos máis espazos deportivos para dar impulso a maior variedade de disciplinas”, afirma. Asimesmo, se acadan a confianza dos cidadáns nas urnas, impulsarán a integración dos espazos escolares, especialmente como recurso para a organización de equipos e escolas deportivas; e en especial para actividades que propicien a participación de mozos en situación de exclusión, marxinal e risco, ademais de potenciar tamén o deporte feminino.

“Concello cardioprotexido”

O alcaldable, avanza, ademais, que “seremos un concello cardioprotexido, con desfibriladores nas dependencias municipais e nos centros deportivos; formarase ao persoal municipal e aos monitores deportivos en materia de primeiros auxilios”.

Roberto Ramos tamén anuncia a creación dun padroado municipal de festas, que estará integrado por membros do equipo de goberno, técnicos municipais, representantes da hostalería e do comercio e veciños. Ese padroado xestionará o funcionamento das comisións de festexos e supervisará os seus recursos e contas. “Cremos que é necesario un control e seguimento de todas as comisións que reciben subvencións municipais, polo que deben ter as súas contas claras. Ademais coa constitución deste padroado poderán aproveitarse mellor as sinerxías entre as distintas comisións e optimizar mellor os seus recursos”, conclúe.

